

O relato “O gafo”, primeira colaboración de Otero Pedrayo en *El Pueblo Gallego* de Vigo

Amparo Solla

RESUMO

Transcríbese o relato “O gafo”, publicado o 25 de xullo de 1926 no xornal vigués *El Pueblo Gallego*, que constitúe a primeira colaboración de Otero Pedrayo neste medio. O texto vai precedido dun comentario no que, ademais de destacar a especial relación que mantivo o escritor con este xornal, sinálase a presenza no realto dalgunhas das constantes temáticas que haberían ser o eixe da posterior obra de Otero e apúntanse as diferencias a respecto da peza teatral *Teatro de máscaras* (1934).

ABSTRACT

It is transcribed the short-story “O gafo”, which was published in the newspaper of Vigo *El Pueblo Gallego* on the 25th of July 1926. This story is the first contribution of Otero Pedrayo to this kind of media and Amparo Solla emphasizes the further contributions of this writer to the aforementioned paper. It is also pointed out the presence in “O gafo” of some themes that would appear again in the subsequent work by Otero. Finally, the authoress shows the similarities and the differences in relation to the play *Teatro de máscaras* (1934).

Colaboro en “Nós”, “*El Pueblo Gallego*”, “*Céltiga*”, “*A Nosa Terra*” y en general donde me piden algo, siempre con alegría y simpatía. Me gustaría escribir todos los días para un diario.

Con tal entusiasmo respondía Otero Pedrayo á última das preguntas que no mes de marzo de 1930, cando xa era un escritor recoñecido nos principais círculos intelectuais de Galicia, lle formulaba Juan Carballeira¹ no transcurso dunha longa entrevista publicada en *El Pueblo Gallego*² e incluída nun especial de dúas páxinas dedicado ó escritor.

1. Ou Johan Carballeira, colaborador habitual na prensa da época, autor de numerosos traballos xornalísticos e literarios, amigo íntimo de Otero, fusilado no levantamento militar do 36.

2. Titulado “Panorama intelectual de Otero Pedrayo. Otero Pedrayo en 25 preguntas”, 2-III-1930, pág. 5.

Con estas palabras Otero non facía máis que confesar publicamente o gratificante que lle resultaba a súa colaboración nas páxinas máis diversas da prensa diaria ou periódica do momento³, feito que lle permitía, ademais, transmitir a numerosa información que posuía, como insaciable curioso, sobre temas moi diversos. É sabido que Otero mantivo toda a vida unha incesante actividade xornalística non só durante a súa época de plenitude, 1917-1936, senón tamén trala sublevación militar do 36, xa que en plena guerra civil, febreiro de 1937, o autor retoma o seu labor xornalístico en diferentes publicacións e baixo distintos pseudónimos⁴.

No que atinxe a esa –case– dependencia vital e sentimental de Otero respecto da prensa da época, destaca a especial relación que mantivo co xornal vigués *El Pueblo Gallego*. Otero resultou ser para este periódico, que saíu á rúa por vez primeira o 27 de xaneiro de 1924, un dos seus colaboradores máis fieis e estimados, feito que demostra o seguimento inmediato que da traxectoria vital, cultural, política e literaria do autor, lle realizaba o xornal⁵.

Pola súa banda, Otero, agradecido, respondía con xenerosidade. Abeirada ás dos mellores intelectuais –galegos ou non– do momento, a firma de Pedrayo ó pé da súa columna, *Prosas galegas*, figuraba semanalmente e con raras excepcións na portada do periódico, incluída nunha nómina que non tiña réplica no seu tempo. Pasan ben de douscentos os artigos, recensións, colaboracións literarias... que temos recollidos e que Don Ramón remitiu a *El Pueblo Gallego* cunha regularidade admirable entre o ano 1926 e o comezo da guerra civil, se ben é certo que, en moitos casos, non se trata de colaboracións exclusivas e algúns destes traballos aparecen tamén publicados noutros xornais e revistas.

“O gafo”, relato que de seguido transcribimos, parece ser a primeira das colaboracións que Otero remitiu a *El Pueblo Gallego*⁶. Publicado o Día de Galicia do ano 1926, narra a historia do duro castigo padecido polo protagonista, o retraído fidalgo don Roque de Agra, logo de traizoar a castidade da que se sentía orgulloso. O seu padecemento só atopa consolo no adro da catedral de Compostela, onde, acubillado polo abrazo simbólico e agarimoso do Santo Apóstolo, remata os seus días.

O conto, maxistralmente estruturado, como tódolos de Otero, sorprende cun final *climático*, moi ó estilo dos de *Retrincos* de Castelao⁷ e presenta moitas das

3. Está por facer un labor exhaustivo de recollida, clasificación e estudio de tal colaboración. En todo caso, non resulta tarefa doada, tanto polo número de traballos coma polo estado de dispersión en que se atopan.

4. Unha referencia ó traballo de Otero na prensa atópase no libro de X.R. Quintana e M. Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo, vida, obra e pensamento*, Vigo: Ir Indo, 1988, pág. 21.

5. Como exemplo deste seguimento, velaí a noticia dun percance automobilístico sen maiores consecuencias sufrido por Otero e a súa muller e do que o periódico informa puntualmente o 1 de decembro do ano 1929.

6. Publicado o domingo 25 de xullo de 1926, pág. 29. Lémbrese o simbolismo político, ademais de relixioso, que a festividade de Santiago cobra a partir da Xeración Nós. Era habitual a colaboración de escritores, artistas e intelectuais nos suplementos especiais que, co gallo do día do Apóstolo, editaban case tódolos xornais e revistas galegos. De especial interese nos parecen os do *Faro de Vigo*, entre outras cousas polo coitado deseño editorial que presentan.

7. Lémbrese, por exemplo, “Sabela”: “*Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela sioume con voz estremecida estas verbas: -¡Meu bailador!*”

constantes temáticas que haberían ser o eixe da posterior obra de Otero⁸: unha certa saudade polo Antigo Réxime, a decadente fidalguía encarnada no protagonista, a concepción oteriana da paisaxe ou a presenza da figura do Apóstolo e a cidade compostelá⁹ como símbolos da estreita relación que o autor estableceu sempre entre o catolicismo e Galicia.

Pero o relato aínda agacha outra sorpresa. Oito anos máis tarde, en 1934, Otero publica co mesmo título, unha peña en tres actos, incluída no seu *Teatro de máscaras*¹⁰. Para un lector minimamente atento, os elementos comúns a ámbalas dúas obras saltan á vista e van máis aló do título. Emporiso, as diferencias son tamén notables. Vexamos. O protagonista da peza dramática, Amaro Proenza, é tamén un fidalgo, mais o debuxo deste personaxe difire moito do retrato de Don Roque de Agra. Amaro Proenza é *fidalgo e escritor*, bohemio, incansable viaxeiro, lector de Proust, Valery, Berkeley..., os “mellores espíritos” contemporáneos, libertino e seguro de si mesmo. A morte da súa nai, no segundo acto, e o retorno ó pazo, convérteno nun personaxe máis reflexivo, aínda que en permanente desacougo, á procura de algo que parece non atopar; un personaxe, en fin, moi achegado ó do Adrián Solovio de *Arredor de si*. Pola contra, don Roque de Agra, encerrado no seu pazo, falto de amigos e entregado a lecturas –novelas, libros de heráldica, de xenealoxía, vellos documentos...– que nada teñen que ver coas de Amaro, vén sendo un esbozo da primeira concepción oteriana do fidalgo, reflectida en *Os camiños da vida*. Representan, daquela, dous enfoques diferentes de pensamento e actitude ante a vida: o de quen se entrega por enteiro ó presente e o de quen se aferra nostalgicamente ó pasado.

Pola contra, resultan coincidentes en ámbolos dous textos os personaxes da vella e fiel criada que o acompaña, as dúas misteriosas mulleres que pernoctan no pazo, e tamén a presenza de Compostela como abeiro de paz nos derradeiros momentos da vida dos protagonistas. Así mesmo, é fundamental a figura do Apóstolo Santiago, se ben na peza dramática transcende a realidade cara ó fabuloso dun xeito inda máis extraordinario ca no relato, porque mentres neste o Apóstolo se limita a falar, naquela chega a encarnarse por completo e ata “*apreta e bica o Gafo*”¹¹.

Velaquí de que maneira Otero recupera un dos seus personaxes –e esta non é a única vez que o fai– para recrealo máis tarde, debuxado de novo pero cos matices que evidencian a propia evolución do pensamento do autor.

Volvendo ó noso relato, transcribímolos de seguido indicando unicamente que nesta edición respectamos o texto de Otero tal e como aparece na páxina de *El Pueblo Gallego* e unicamente corriximos aquelas cuestións que nos parecen erros

8. Neste momento Otero, que se incorpora serodiamente á literatura, só ten publicada a noveliña *Pantelas home libre* (1925).

9. M.C. Ríos Panisse sinala, verbo do amor de Otero por Compostela que “é quizais a principal herdanza que deixou a don Ramón o seu pai”. Así mesmo, fai referencia á importancia que a cidade tivo para “o galeguismo contemporáneo de Otero”, mesmo para o coruñés Antón Vilar Ponte. Vid. Otero, *Devalar*, Vigo: Galaxia, 1992, p.47, n.77.

10. “O gafo”, en Otero, *Teatro de máscaras*, Ed. de A.I. Boullón e F. Tato, Vigo: Galaxia, 1989, pp. 111-118.

11. “*O Santo Apóstolo descende aló, baixo o sorrir de Xesucristo, apreta e bica o Gafo*”.

tipográficos ou lecturas incorrectas por parte do editor. Quede para mellor ocasión a edición comentada deste contíño, se cadra un dos máis fermosos que don Ramón nos deixou.

O gafo

Para El Pueblo Gallego

Don Roque de Agra era da millor caste fidalga d-aqui-la terra chaira, verdeciente e fría que s-espalla dos outos de San Brandián ós lombos esgrevios da serra do Croyo. As pedras d-armas da familia inda locen n-as portas e na capela¹² –hoxe corte de gando estrumada– do pazo esquencido. Xa curtaron os loureiros i-os alciprestes ameraron; a fonte segue deitando mainamente sua y-auga franciscana igoyal que cando pousaban acarón d-ela os fidalgos do dezauito¹³.

Criado pol-a nai, un-a Misia de vivir isolado i-outa concencia do seu rango, endexamais don Roque se franqueara con ninguén. Nin xiquer tivo amigos n-o tempo frorido da estudiantina. Cando os compañeiros saían algareiros n-a noite orballada, dispostos a total-as farras, il amolecía deitado no sofá do comedor lendo novelas ou afundido n-unha morna tristura. Xa recibido de leises, horfo e sen agarimos no país, viveu un-a ducia d-anos o frente da casa: cabalgaba pol-as campias vixilando as carballeiras i-as recolleitas dos eidos, recibindo gravemente o saúdo respeitoso das monteiras dos vellos labregos e non s-inquietaba das engayoladoras olladas das mociñas que voltan d-a fonte, no sôl-por, e-a indolencia tentadora das ninfas n-as vellas mitoloxías. Era un amo de poucas falas mais non privado da estima d-os paisanos que vían n-il un home xusto. N-as longas noites alomeaba po-las grandes salas pisadas de castiñeiro ou lia os antigos in folios que dend-o tempo dos abós se gardaban na alacena mais escura da torre do norte. Escolléu os que trataban de xenealoxía i-heraldica e ansi en poucos invernos fixo-se un admirabre e seguro descifrador de esqurturas gótecas e pedras d-armas. Entón atopou a solución do seu vivir: a fidalguía da sua caste non lle daba licencia pra lixarse no sigro dos abogados e potingueiros, das eleucióis e da desamortización.

Mais o demo gusta moito de buscarlle as voltas os fidalgos-pantasma d-outro tempo e ademais son de sobra malencónecas e tristesiras as longas inverniás de Santos e Nadal, na aldea montesía¹⁴. Os aires baten contrás parés coma enra-bechadas bestas de cén pontas, o bailado do lume figura serpentinas formas de pecado, o corpo non quenta n-o frío cocho de liño dos disformes leitos. Un-a noite...

12. No orixinal *capella*.

13. Restitúo a contracción; no orixinal: *fidalgos dozauito*.

14. No orixinal *montería*.

Temos dito que don Roque gardaba a castidade por orgullo¹⁵ de berze. Debemos engadir qu-iste limpo sentimento s-acrecentou c-a lectura dos libros piedosos e con certas confesiós feitas en Sant-Yago con mestres de moito tino e virtude.

Un-a noite petaron xa moy tarde ó portalón do Pazo. Don Roque dend-a solaina miróu como o maordomo¹⁶ levaba pr-á palleira a duas probes que chegaban molladas e desfeitas pol-o longo camiñar. A lus do farol albiscou un-a d-elas, rapaza esmaciada i-enlarafuzada, de trenzas loiras e corpo primaveiral. Don Roque deitou-se e non pudo pechar os ollos. Acudiu os libros: as figuras heráldicas combinában-se en feituradas pantástecas de grimorio bruxesco, n-os libros de piedade falaba un-a voce antiga, desfeita, lonxana. Primeiro, outra volta n-a escuridá, maxinou ó dibuxo do corpo da rapariga nos garimosos brazados d-herba mol, despois sentiu a friaxe do grande leito correrlle pol-a soá igoa qu-un cano de auga xiada. Logo espertou o lobo feudal i-o triste fidalgo saiu car-a palleira.

Nos días seguintes parecía adiantarse a primaveira. N-os arbres espidos entrambilicaban-se¹⁷ as rayolas d-un sol morno, o cantar da fonte era mais ledó, dos carreiros do xardín rubia un priguizoso recender de violetas. Don Roque paseiando pol-a solaina agardaba día tras día o mordiscar do repentemento. Mais non chegaba: pol-o contrario sentiase outro home forte e cheo de esperanzas pero norviós¹⁸. O cambeo non s-escapou á vixilancia do mordomo e dos labregos. O amo era mais faladeiro, maxinaba viaxatas pra primaveira, trazaba de precurar novos moblaxes, e de dar un-as voltas por Sant-Yago pra lembrar os tempos da Universidade, cando un-a mañá o erguer-se quedou branco com-un cirio; po-lo seu corpo medraban un-as mancholas coor das follas murchas do outono. Pouquiño a pouco, c-unha marcha segura e fatál foron cobrindo o peito, os brazos, as pernas. ¡Aixiña chegarían as maus i-a cara! A don Roque parou-lle o curazón cando ouviu dentro de si un-a voce que sentenciaba sen apelazón: é a lepra.

¡Tráxica primaveira do gafo! Cada mañán viña pol-as ventás o sopro da terra mollada e das novas follas; baixo o luar crecía a serenata do reiseñor e n-a yalba pura choutaba¹⁹ a risada do melro. Tudo era novo, ledó, vadoso. Os xornaleiros bailaban n-a horta o aire da gaita, viñan cantigas dos camiños fondos e dos eidos dispostos pra a seitura. Soilo don Roque, o probe gafo, vivía isolado, tolo de door e de vergonza na sala mais arreconchegada do pazo. Algun-a criada vella albiscou o disforme rostro do amo: os ollos acesos brillaban coma lamparas funerarias nas carnes apodrecidas, comestas pol-o mal de San Lázaro.

Antes do vrán a casa foi quedando deserta. Non se sementaron os eidos, as herbas ruís cobriron as roseiras do xardín, as vacas descoidadas volveron-se fracas

15. Aparece *orgulho* no orixinal. Resulta sorprendente o uso deste dígrafo por parte de Otero.

16. Máis embaixo escribe *mordomo*, polo que parece que Otero utiliza indistintamente o castelanismo e a forma galega.

17. No orixinal: *entran, bilicaban-se as rayolas d-un sol moro*.

18. Propoño esta lectura; no orixinal: *fer-o nórvíós ou fer-o hórviós*.

19. No orixinal: *e n-a galba pura chontaba*. A forma *galba* semella unha mala lectura do editor por *yalba*, frecuentísimo en Otero; véxanse outros casos no texto: *sua y-auga franciscana, vivir de yalma, coma a yalma*.

nas cortes, as pombas voaron en procura d-outro pombal. A xente cruzaba depre-
sa fronte do portal brasonado, os nenos non durmían n-a parroquia pensando no
gafo. Soilo a vella criada medeo cega i-o can sen dentes seguiron agarimando a
don Roque. Iste, xiado polo fogo frio do mal, saía algun-as veces a quentarse n-
a solaina ó sol ardente de San Xohán. O miral-o de lonxe, paraban as cantigas
nos eidos i astra parecía que o reo enloitado amingoaba a limpa groria do Ceo.

Veiu o Outono. N-as mañás fresqueiras erguían-se albos sudarios de neboeiras.
Un-a noitiña (a criada xa cega fora recollida por uns parentes, o cán morrera
docemente, como un filósofo, o pé do leito do amo) sentiu-se o salayo da porta
do pazo. Foi a derradeira ves que s-abriu.

¿Quen é iste probe home que camiña po-los vieiros da serra bretemosa, canga-
do e desfeito, coberto o rosto por lixados lenzos? Para-se nas portas pra resce-
bir a esmola dos labregos i-apeñas s-astreve a chegar os beizos disformes i-abra-
sados hastra o limpo cristal das fontelas. É don Roque de Agra que vai camiño
de Sant-Yago. Despois de moito pensar seu pensamento albelo e desperto no apo-
dramento do corpo, dille que soilo n-as lousas apostólicas poderá deitar sua
carne miserable.

O gafo pediu algún tempo nas portas da Catedral. Tiña seu lugar n-a Pratería o
pé de certa coluna traballada pol-a sinxela maxinaceón do Medioevo. Sant-Yago
era o úneco sitio do mundo onde o gafo podía morrer longamente sen estorbar
nin lixar a ninguén. N-as grandes vilas ecuménecas da cristiandade as pedras, os
bronzes, os mármoreos quentados pol-o esprito das xeneracións non teñen noxo nin
medo da pé do gafo. Don Ramiro²⁰ ben o sabia e gostou n-os derradeiros d-un
ledo vivir que endexamais tivera. Un vivir de yalma. Soilo sentía non poder ten-
der a man o pé do Porteco da Groria. O probe gafo sabia coma ninguén a sinifi-
canza dos ollares e dos xestos dos Apóstoles e Porfetas figurados n-aquelas
pedras feitas museca divina. Rescibía n-a porcallada do seu corpo a lus limpa
que baixaba coma un consolo de Pai do rostro de Dios, ouvía o zoar dos istro-
mentos dos vellos da arquivolta, e coma a yalma sinxela d-un neno adormecía n-
as froracións místecas dos arcos.

Don Roque chegou a abenzoar a noite da palleira. Cando morreu, un-a fresa de
carne xa apodrecenta sumouse a terra de túmulo de Sant-Yago, i-os labres do
Apóstolo formaron as palabras: "Meu hirmán".

Ramón Otero Pedrayo

20. Otero equivoca o nome do seu protagonista. Sobre estes *lapsus calami* oterianos, véxase o artigo de Xosé M. Salgado, "Don Ramón dende dentro. Algunhas claves para a interpretación da súa obra", en Anxo Tarrío Varela (coord.), *Actas do Simposio Internacional "Otero Pedrayo no panorama literario do século XX"*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1990, páx 167. Lémbrese ademais que é probable que Otero andase a escribir ou xa rematase *El purgatorio de don Ramiro*, publicado ese mesmo ano, e tivese na cabeza o nome do protagonista deste relato.